

O RELEVO INSULAR



ABAU: Exercício teórico:

- “Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas Canarias e Baleares”.


ABAU: Exercício práctico:

- Mapa litolóxico de España. (España volcánica)
- Debuxos, imaxes e gráficos con tipos de modelado: granítico, cárstico, glacial ou volcánico.



O RELEVO DAS ILLAS BALEARES

O arquipélago mediterráneo atópase ao leste da Península, fronte á costa da Comunidad Valenciana. Está formado polas illas de Mallorca, Menorca, Ibiza, Formentera, Cabrera e máis de 150 illotes menores.




O **relevo** das illas de Mallorca, Eivissa e Formentera é unha prolongación do relevo da Cordilleira Subbética, (orixinada na oroxénese alpina da Era Terciaria), coa que se une por un estreito corredor que discorre baixo o mar. O da illa de Menorca, en cambio, formada por materiais da Era primaria, constitúe unha continuación da parte norte da Cordilleira Costeiro-Catalá.

A principal cadea montañosa é a Serra da Tramuntana, de rochedo calcáreo, que percorre o norte da illa de Mallorca, alí atópase o Puig Maior, o cume máis alto do arquipélago, con 1445 m.



Serra da Tramuntana, Illa de Mallorca




O RELEVO DAS ILLAS CANARIAS

O arquipélago canario sitúase no Océano Atlántico, ao suroeste da Península, fronte á costa de Africa. Está formado polas illas de La Palma, La Gomera, El Hierro, Tenerife, Gran Canaria, Fuerteventura, Lanzarote e algunhas illas menores.

As illas orientais son máis chás. O resto destacan pola súa elevada altitude. Na Illa de Tenerife atópase o cume máis alto do arquipélago e de España, o volcán do Teide, con 3718 m.




Teide




As illas Canarias son de **orixe volcánica**, Formáronse na Era Terciaria, cando a oroxénese alpina rompeu o fondo do Atlántico e, a través das súas fracturas, ascenderon grandes masas de rochas volcánicas que deron lugar ás illas. Moitos destes volcáns seguen activos, a última erupción do Teide foi no ano 1789.




Timanfaya, Lanzarote



Na Era Terciaria, a oroxenia alpina rompeu o fondo do Atlántico e, a través das súas fracturas, ascenderon grandes masas de rochas volcánicas ao longo de varias fases, de aí a distribución do arquipélago en torno a tres fallas: unha con dirección NO-SE (La Palma, Tenerife e Gran Canaria), outra SO-NE (El Hierro, La Gomera e Tenerife) e, por último, unha SO-NE, que rixe a orientación de Fuerteventura e Lanzarote.





Os tipos de relevo volcánico de Canarias son variados.



- Os **conos volcánicos** son elevacións cónicas abertas no cume. Orixináronse polo amoreamento de materiais volcánicos arredor da boca de emisión, como cinzas e lapillis ou pedras pequenas. Algúns son activos en Tenerife, La Palma e Lanzarote.

- As **caldeiras** son grandes cráteres circulares, orixinados pola explosión ou afundimento dun volcán. Son famosas a caldeira de explosión de Bandama (Gran Canaria) e a de afundimento de “Las Cañadas” (Tenerife) ou a de Caldera de Taburiente (A Palma).




Teide, Illa de Tenerife



Conos volcánicos,
caldeiras

Caldera no Parque Nacional
do Timanfaya, Illa de
Lanzarote






Caldeira de Taburiente, A Palma



- Os **malpaíses** son terreos abruptos formados ao solidificarse rapidamente as coadas de lava en forma de ondas ou de bloques. Teñen aspecto agretado e rugoso e cor escura.




Illa de Lanzarote




Illa de Lanzarote



- Os **diques** ou muretes volcánicos e os **roques** ou agullas volcánicas son condutos de emisión de magma que se encheron de lava solidificada e quedaron ao descuberto pola erosión diferencial. Os diques fórmanse cando o conduto é unha fisura horizontal e os roques cando é a cheminea vertical dun cono volcánico, aínda que tamén poden estar formados só por rochas máis resistentes á erosión (Roque Nublo, en Gran Canaria).



Dique Cheque, Lanzarote




Roque Cinchado,
Tenerife



Roque Nublo,
Gran Canaria

Vista de Roque Nublo, Gran Canaria




- Os **barrancos** son vales estreitos, escarpados e de curto percorrido, creados polo encaixamento dos torrentes no terreo volcánico. Formáronse nunha época de clima máis húmido que o actual, que permitía a existencia de correntes de agua capaces de provocar esta forte erosión.



Barranco Hondo, Gran Canaria

Covas e tubos volcánicos




Cova dos Verdes,
Lanzarote





La caldera es una gran depresión en el cráter de un volcán. Tiene distintos orígenes: generalmente, se forma a partir de una violenta explosión que destruye toda la parte central del volcán a partir del hundimiento del cráter; también puede deberse a la erosión producida por el agua y el viento.



El **pitón o roque** es una masa de lava alojada en la chimenea de un volcán cuyo cono ha sido erosionado.

El **cráter** es el orificio por donde el volcán arroja los gases, las cenizas, las piedras volcánicas y las coladas de lava. Presentan formas y tamaños muy diferentes

Las **coladas** surgen de las chimeneas de los volcanes o de alguna fisura y fluyen formando ríos incandescentes hasta que se enfría o cesa la emisión de lava.

Se llama **cono** volcánico a la formación de origen volcánica situada en la boca del volcán desde donde emana el magma y entra en contacto con la hidrosfera o la atmósfera. Al expulsar la lava, esta suele amontonarse en forma de cono con una apertura o cráter central.

Un **malpaís**, es un accidente del relieve caracterizado por la presencia de rocas erosionadas de origen volcánico en un ambiente árido.